DETALLADO	ESPAZOS LIBRE E ZONA VERDE

**ACTUACIÓNS**

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación é posible só a nivel puntual ou parcial, Reconstrución de forma excepcional.

**AUTORIZABLES**

Cómpre salientar a estrutura en celosía orixinal, os apoios pétreos e o valor tecnolóxico do sistema de carga.

**POSTA EN VALOR**

**LOCALIZACIÓN**

PROVINCIA	LUGO
COMARCA COSTEIRA	MARIÑA LUCENSE
CONCELLO	RIBADEO
SECTOR COSTEIRO	RÍA DE RIBADEO
UNIDADE DE PAISAXE	RIBADEO
PARROQUIA	VILASELÁN (SANTA MARÍA)
NÚCLEO / LUGAR	CARGADOIRO, O
REFERENCIA CATASTRAL	27051A03409100
ZONA	DOMINIO PÚBLICO MARITIMO TERRESTRE
COORDENADAS	X: 658646,00 Y: 4823207,00 U.T.M. Huso 29N ETRS89

**INVENTARIO**

Infraestrutura industrial de comezos do século XX (1905), vencellada á Sociedade Minera de Vilaodríz, destinada á carga de mineral de ferro procedente do ferrocarril mineiro. A estrutura, combina fábrica de cachotería de lousa e granito nos apoios con pasarela metálica de celosía. A configuración espacial responde a un conxunto lineal e elevado que se proxecta sobre o cantil, permitindo o vertido directo ao buque. Actualmente intégrase no Parque Etnolóxico do Cargadoiro cun uso cultural e interpretativo. O estado de conservación é aceptable.

**DESCRIPCIÓN**

Volumetría lineal e horizontal, con apoios de cachotería de lousa e granito e pasarela de celosía metálica.

**EDIFICACIÓN**

Predio de xeometría irregular e topografía en forte pendente sobre o acantilado. Conectada ao paseo e ás antigas instalacións mineiras. Delimitación por muros pétreos e varandas metálicas de protección.


**PARCELA**

Entorno semiurbano e costeiro, integrado na marxe occidental da ría de Ribadeo. Accesibilidade peonil mediante sendeiro adaptado. Valor conxunto alto pola súa lectura industrial e paisaxística.

**ENTORNO**

É un testemuño da arqueoloxía industrial galega, vinculado á minería do ferro e ao desenvolvemento portuario. O conxunto posúe valor histórico, tecnolóxico e simbólico, como vestixio do patrimonio industrial da Mariña Lucense.

**VALORES**



**DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN**

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023


Escala: 1:2.000

Escala: 1:5.000

IMAXES



**CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL**



**DATOS IDENTIFICATIVOS**

CLASIFICACIÓN	BIC XENÉRICO
CATEGORÍA	MONUMENTO
PLANEAMIENTO	PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
FICHA	12_07
ARQUITECTÓNICO TIPO	CIVIL SUBTIPO
ELEMENTO	CASTELO
NIVEL DE PROTECCIÓN	INTEGRAL
GRADO DE CONSERVACIÓN	ACEPTABLE
USOS ORIXINAIS	DOTACIONAL
DETALLADO	EQ SOCIAL-CULTURAL

**ACTUACIÓNS**

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Ampliación só en planta en volume diferenciado, Reconstrución excepcional.

**AUTORIZABLES**

Debe poñerse en valor a súa orixe defensiva, a singularidade da implantación sobre o cantil, a integración paisaxística coa ría de Ribadeo e a recuperación funcional como espazo cultural e museístico de uso público.

**POSTA EN VALOR**

**LOCALIZACIÓN**

LUGO	
PROVINCIA	
MARIÑA LUCENSE	
COMARCA COSTEIRA	
RIBADEO	
CONCELLO	
RÍA DE RIBADEO	
SECTOR COSTEIRO	
RIBADEO	
UNIDADE DE PAISAXE	
VILASELÁN (SANTA MARÍA)	
PARROQUIA	
CARGADOIRO, O	
NÚCLEO / LUGAR	
8735020PJ5283N	
REFERENCIA CATASTRAL	
SERVIDUME	
ZONA	
X: 658639,00 Y: 4823378,00	
COORDENADAS	U.T.M. Huso 29N ETRS89

**INVENTARIO**

Situado no núcleo do Cargadoiro en Ribadeo, constitúe unha singular edificación militar erguida en 1624 por orde do marqués de Cerralbo co obxectivo de defender a entrada da ría fronte a incursións marítimas. Trátase dun inmovible de planta rectangular construído en fábrica de cachotería revestida, con espesas murallas perimetrais e un amplo patio interior. A súa posición estratéxica sobre o cantil outórgalle un elevado valor paisaxístico e patrimonial, ao dominar visualmente a ría e o mar aberto. Foi restaurado integramente polo Concello de Ribadeo en 1990, sendo actualmente parte do Parque Etnográfico do Cargadoiro, cun uso dotacional de carácter cultural e expositivo. Considerado tamén Ben Arqueolóxico polo que dispón de ficha diferenciada.

**DESCRIPCIÓN**

Planta rectangular en cachotería e revoco, con murallas de forte espesor, patio amurallado e accesos controlados. A restauración recente garante a súa estabilidade e funcionalidade.

**EDIFICACIÓN**

Localízase sobre cantís costeiros do núcleo do Cargadoiro, nunha área protexida de dominio público marítimo-terrestre. A parcela intégrase en chan rústico de protección de costas, con delimitación clara.


**PARCELA**

Inserido no litoral da ría de Ribadeo, constitúe un fito visual de gran relevancia. O enclave combina natureza, patrimonio e paisaxe, formando parte do Parque Etnográfico do Cargadoiro, de acceso público.

**ENTORNO**

Valor arquitectónico, ambiental e paisaxístico, pola súa situación estratéxica. É referente cultural e turístico no municipio, coa función actual de equipamento musealizado de interese social.

**VALORES**



**DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN**

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023


Escala: 1:2.000

Escala: 1:5.000

IMAXES



**CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL**



**DATOS IDENTIFICATIVOS**

CLASIFICACIÓN	BEN CATALOGADO
CATEGORÍA	SITIO ARQUEOLÓXICO
PLANEAMIENTO	PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
FICHA	12_09
XACEMENTO ARQUEOLÓXICO TIPO	XACEMENTO ARQUEOLÓXICO SUBTIPO
ELEMENTO	XACEMENTO
NIVEL DE PROTECCIÓN	GRAO II.1 / GRAO II.2
GRADO DE CONSERVACIÓN	MOI DEFICIENTE
USOS ORIXINAIS	DOTACIONAL
DETALLADO	ESPAZOS LIBRE E ZONA VERDE

**DELIMITACIÓN DO BEN**

Con carácter xeral, tan só se permitirán actuacións encamiñadas á conservación, protección, consolidación, e investigación dos bens, con autorización previa da administración competente en materia de patrimonio cultural.

**CONTORNO DO BEN**

As intervencións deberán contar coa autorización da administración competente, segundo o disposto nos artigos 39, 45 e 46 da LPCG. Estas poderán condicionarse á avaliación do seu impacto arqueolóxico e paisaxístico.

**CONTORNO DE PROTECCIÓN**

**LOCALIZACIÓN**

LUGO
PROVINCIA
MARIÑA LUCENSE
COMARCA COSTEIRA
RIBADEO
CONCELLO
RÍA DE RIBADEO
SECTOR COSTEIRO
RIBADEO
UNIDADE DE PAISAXE
VILASELÁN (SANTA MARÍA)
PARROQUIA
CASAS DE ABAIXO, AS
NÚCLEO / LUGAR
27051R00305523
REFERENCIA CATASTRAL
DOMINIO PÚBLICO MARITIMO TERRESTRE
ZONA
X: 658108,02 Y: 4824353,39
COORDENADAS U.T.M. Huso 29N ETRS89

**INVENTARIO**

O lugar do xacemento sitúase nunha punta costeira, no extremo noroccidental da ría de Ribadeo. Correspóndese co emprazamento dun antigo faro-torre, citado como "Torvieja ou Torrín da Pancha", existente xa no século XVI. A función orixinal foi a sinalización e vixilancia marítima. A edificación histórica, hoxe desaparecida, descríbese como unha torre moi alta con acceso por escaleira portátil. Foi derrubada en parte por temporais cara a 1725 e estaba en ruínas a comezos do século XIX, sendo substituída en 1880 por un novo faro na Illa Pancha. Na actualidade, no lugar existen un miradoiro de madeira e un vértice xeodésico. Código GA27051013, con nivel de protección Grao II.1/ Grao II.2.

**DESCRIPCIÓN**

Non se conserva a torre histórica. No emprazamento hai un pequeno miradoiro de madeira e un vértice xeodésico.

**EDIFICACIÓN**

Parcela costeira de xeometría irregular na illa e punta da Pancha, vinculada ao litoral rochoso da ría. Uso actual de ocio e tránsito. Delimitación funcional polo bordo marítimo e accesos peonís ao miradoiro.


**PARCELA**

Entorno litoral da ría de Ribadeo, de alta exposición a vento e mar, con accesibilidade peonil e control visual amplo. Elementos próximos: faro da Illa Pancha e infraestruturas costeiras.

**ENTORNO**

Presenta valor histórico pola referencia documental a un faro-torre do S. XVI e pola súa evolución ata a substitución no ano 1880.


**VALORES**



**DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN**

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023

Escala: 1:2.000




HIPSOMÉTRICO

Escala: 1:5.000

Escala: 1:2.000



**CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL**



**DATOS IDENTIFICATIVOS**

CLASIFICACIÓN: BEN CATALOGADO

CATEGORÍA: MONUMENTO

PLANEAMIENTO: PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

FICHA: 12\_03

ARQUITECTÓNICO TIPO: CIVIL SUBTIPO

ELEMENTO: FARO

NIVEL DE PROTECCIÓN: ESTRUCTURAL

GRADO DE CONSERVACIÓN: ACEPTABLE

**USOS ORIXINAIS**

GLOBAL: DOTACIONAL

DETALLADO: INFRAESTRUTURAS COMUNICACIÓN

**ACTUACIÓNS**

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación é posible só a nivel puntual ou parcial, Reconstrución de forma excepcional.

**AUTORIZABLES**

Debe resaltarse a autenticidade histórica do faro de 1859, a complementariedade coa torre moderna de 1983, a súa relevancia para a navegación, así como a integración ambiental e o valor simbólico na paisaxe mariñeira.

**POSTA EN VALOR**

01\_023  
CÓDIGO INVENTARIO

FARO DA ILLA PANCHA  
DENOMINACIÓN

**LOCALIZACIÓN**

LUGO

PROVINCIA

MARIÑA LUCENSE

COMARCA COSTEIRA

RIBADEO

CONCELLO

RÍA DE RIBADEO

SECTOR COSTEIRO

RIBADEO

UNIDADE DE PAISAXE

VILASELÁN (SANTA MARÍA)

PARROQUIA

CASAS DE ABAIXO, AS

NÚCLEO / LUGAR

REFERENCIA CATASTRAL

DOMINIO PÚBLICO MARITIMO TERRESTRE

ZONA

X: 658184,00 Y: 4824439,00

COORDENADAS U.T.M. Huso 29N ETRS89

**INVENTARIO**

Conforma un singular conxunto arquitectónico e paisaxístico situado na entrada da ría de Ribadeo, cumprindo unha función esencial de sinalización marítima dende mediados do século XIX. O primeiro faro, erixido en 1859, responde a unha tipoloxía de planta cadrada con torre central octogonal, muros encalados e carpintarías de madeira, rematado por linterna metálica. En 1983 construíuse unha nova torre cilíndrica, moderna, de formigón e franxas pintadas en branco e negro, equipada con tecnoloxía contemporánea para a navegación. O conxunto constitúe un fito costeiro recoñecible e harmonizado coa paisaxe natural da illa, xerando un alto valor cultural, ambiental e paisaxístico, ao tempo que se consolidou como referente identitario para a Mariña Lucense e para a entrada occidental da ría.

**DESCRIPCIÓN**

Edificio principal de planta cadrada con torre octogonal central, cuberta a catro augas e linterna, completado por torre cilíndrica moderna de formigón con franxas horizontais. Conxunto que simboliza a evolución dos faros.

**EDIFICACIÓN**

A parcela ocupa a superficie da Illa Pancha, delimitada por abruptos cantís costeiros. Conta con acceso mediante ponte peonil de formigón e presenta zonas axardinadas e camiños pavimentados que facilitan o percorrido turístico


**PARCELA**

Situado na ría de Ribadeo, a illa insírese nun medio de gran valor paisaxístico e ecolóxico, cunha vexetación costeira autóctona e dominio visual sobre o mar Cantábrico. Constitúe un enclave de interese paisaxístico e xeolóxico.

**ENTORNO**

Destaca pola combinación de arquitectura histórica e contemporánea, pola súa integración na paisaxe marítima e pola relevancia cultural e identitaria. É un referente de navegación e patrimonio costeiro da Mariña Lucense.

**VALORES**




**DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN**

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023


Escala: 1:2.000

Escala: 1:5.000

IMAXES



**CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL**



**DATOS IDENTIFICATIVOS**

CLASIFICACIÓN	BEN CATALOGADO
CATEGORÍA	SITIO ARQUEOLÓXICO
PLANEAMIENTO	PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
FICHA	12_11
XACEMENTO ARQUEOLÓXICO TIPO	XACEMENTO ARQUEOLÓXICO SUBTIPO
ELEMENTO	CASTRO
NIVEL DE PROTECCIÓN	GRAO II.1 / GRAO II.2
GRADO DE CONSERVACIÓN	DEFICIENTE
<b>USOS ORIXINAIS</b>	
GLOBAL	AGROPECUARIO
DETALLADO	PRODUTIVO

**DELIMITACIÓN DO BEN**

Con carácter xeral, tan só se permitirán actuacións encamiñadas á conservación, protección, consolidación, e investigación dos bens, con autorización previa da administración competente en materia de patrimonio cultural.

**CONTORNO DO BEN**

As intervencións deberán contar coa autorización da administración competente, segundo o disposto nos artigos 39, 45 e 46 da LPCG. Estas poderán condicionarse á avaliación do seu impacto arqueolóxico e paisaxístico.

**CONTORNO DE PROTECCIÓN**

01\_024  
CÓDIGO INVENTARIO

CASTRO DAS GROVAS  
DENOMINACIÓN

**LOCALIZACIÓN**

LUGO	
PROVINCIA	
MARIÑA LUCENSE	
COMARCA COSTEIRA	
RIBADEO	
CONCELLO	
MARIÑA ORIENTAL	
SECTOR COSTEIRO	
COSTA DE RINLO	
UNIDADE DE PAISAXE	
VILASELÁN (SANTA MARÍA)	
PARROQUIA	
CASAS DE ABAIXO, AS	
NÚCLEO / LUGAR	
27051R00300699	
REFERENCIA CATASTRAL	
SERVIDUME	
ZONA	
X: 657563,00 Y: 4824297,00	
COORDENADAS	U.T.M. Huso 29N ETRS89

**INVENTARIO**

Asentamento fortificado costeiro situado nun promontorio rochoso, o que lle confire unas boas condicións naturais de defensa. Está composto por un único recinto circular (croa), de notábeis dimensións. Na metade Suroriental atópanse as defensas artificiais, formadas por dous fosos escavados na rocha e até 7 m de ancho. Entre estes, intercálanse outros tantos parapetos, formados por terra e laxes. No extremo Este, a uns 50 m do parapeto exterior, aparece un terceiro foso, só conservado nesta zona. Na parte Norte, atópase a Illa de Penedo da Ínsua, que moi probablemente, formaría parte do asentamento orixinal. Nos últimos anos o xacemento foi obxecto de traballos arqueolóxicos específicos. Código GA2705007, con nivel de protección Grao II.1 / Grao II.2.

**DESCRIPCIÓN**

Aprécianse as defensas que delimitan a croa compostas por fosos e parapetos.

**EDIFICACIÓN**

Configuración irregular, adaptada ao promontorio costeiro. A delimitación vén dada pola topografía e polos fosos e parapetos visibles do xacemento.


**PARCELA**

Entorno litoral, con accesibilidade limitada por camiños locais. O contexto arquitectónico é inexistente, primando o valor do conxunto paisaxístico. A integración visual é alta, con presenza de vexetación baixa e cantís mariños.

**ENTORNO**

Valor histórico e cultural, como asentamento fortificado costeiro, asociado ao control do territorio e das rutas marítimas. A súa relevancia arqueolóxica contribúe á comprensión da ocupación protohistórica da Mariña Oriental.

**VALORES**



**DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN**

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023

Escala: 1:2.000


HIPSOMÉTRICO

Escala: 1:5.000

Escala: 1:2.000



**CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL**



**DATOS IDENTIFICATIVOS**

CLASIFICACIÓN: BEN CATALOGADO

CATEGORÍA: SITIO ARQUEOLÓXICO

PLANEAMIENTO: PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

FICHA: 07\_05

XACEMENTO ARQUEOLÓXICO TIPO: XACEMENTO ARQUEOLÓXICO SUBTIPO

ELEMENTO: CASTRO

NIVEL DE PROTECCIÓN: GRAO II.1 / GRAO II.2

GRADO DE CONSERVACIÓN: DEFICIENTE

**USOS ORIXINAIS**

GLOBAL: FORESTAL

DETALLADO: PRODUTIVO

**DELIMITACIÓN DO BEN**

Con carácter xeral, tan só se permitirán actuacións encamiñadas á conservación, protección, consolidación, e investigación dos bens, con autorización previa da administración competente en materia de patrimonio cultural.

**CONTORNO DO BEN**

As intervencións deberán contar coa autorización da administración competente, segundo o disposto nos artigos 39, 45 e 46 da LPCG. Estas poderán condicionarse á avaliación do seu impacto arqueolóxico e paisaxístico.

**CONTORNO DE PROTECCIÓN**

01\_025  
CÓDIGO INVENTARIO

CASTRO DE PIÑEIRA  
DENOMINACIÓN

**LOCALIZACIÓN**

LUGO
PROVINCIA
MARIÑA LUCENSE
COMARCA COSTEIRA
RIBADEO
CONCELLO
MARIÑA ORIENTAL
SECTOR COSTEIRO
COSTA DE RINLO
UNIDADE DE PAISAXE
PIÑEIRA (SAN XOÁN)
PARROQUIA
RÍO
NÚCLEO / LUGAR
27051R00200282
REFERENCIA CATASTRAL
SERVIDUME
ZONA
X: 655476,00 Y: 4824133,00
COORDENADAS U.T.M. Huso 29N ETRS89

**INVENTARIO**

Castro costeiro emprazado nunha punta que se introduce no mar e conectada á zona continental mediante un istmo rochoso. O sistema construtivo baséase no aproveitamento do relevo natural e na escavación de defensas artificiais, con fosos e parapetos. A organización espacial estrutúrase nun recinto principal delimitado por varias liñas defensivas, concentradas especialmente na zona de acceso. A adscrición cultural corresponde á Idade do Ferro, con referencia a posible ocupación romano-indíxena. Código GA2705006, con nivel de protección Grao II.1 / Grao II.2.

**DESCRIPCIÓN**

O xacemento presenta exclusivamente estruturas defensivas naturais e artificiais compostas por fosos e parapetos.

**EDIFICACIÓN**

Predio trazado irregular, condicionado pola morfoloxía da península costeira. Os límites veñen definidos polo relevo natural, cantís e fosos.

**PARCELA**

Entorno litoral rural, con accesos mediante camiños. Non existe contorno edificado inmediato. A paisaxe está dominada polo relevo costeiro e o mar, cunha integración visual elevada.

**ENTORNO**

Destaca polo seu valor histórico e arqueolóxico como castro costeiro, pola súa localización estratéxica e polo sistema defensivo conservado. É un exemplo representativo da ocupación castrexa no litoral da Mariña Oriental.

**VALORES**



**DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN**

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023


Escala: 1:2.000

HIPSOMÉTRICO

Escala: 1:5.000

Escala: 1:2.000



**CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL**

**DATOS IDENTIFICATIVOS**

CLASIFICACIÓN	BEN CATALOGADO
CATEGORÍA	MONUMENTO
PLANEAMIENTO	PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
FICHA	10_09
ETNOLÓXICO TIPO	LAVADOIROS SUBTIPO
ELEMENTO	LAVADOIRO
NIVEL DE PROTECCIÓN	INTEGRAL
GRADO DE CONSERVACIÓN	DEFICIENTE
USOS ORIXINAIS	
GLOBAL	DOTACIONAL
DETALLADO	SERVIZOS PÚBLICOS

**ACTUACIÓNS**

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Ampliación só en planta en volume diferenciado, Reconstrución de modo excepcional.

**AUTORIZABLES**

Cómpre salientar a volumetría orixinal, a fábrica de pedra e a cuberta tradicional, así como o seu significado social. Recoméndanse actuacións de conservación, consolidación e restauración, propias do seu nivel de protección.

**POSTA EN VALOR**
**01\_026**  
CÓDIGO INVENTARIO

**LAVADOIRO NO CAMPO DE SAN PEDRO**  
DENOMINACIÓN

**LOCALIZACIÓN**

LUGO	
PROVINCIA	
MARIÑA LUCENSE	
COMARCA COSTEIRA	
RIBADEO	
CONCELLO	
MARIÑA ORIENTAL	
SECTOR COSTEIRO	
COSTA DE RINLO	
UNIDADE DE PAISAXE	
RINLO (SAN PEDRO)	
PARROQUIA	
COEDO	
NÚCLEO / LUGAR	
27051P00100363	
REFERENCIA CATASTRAL	
SERVIDUME	
ZONA	
X: 654109,12	Y: 4824158,71
COORDENADAS	U.T.M. Huso 29N ETRS89

**INVENTARIO**

Lavadoiro tradicional, concibido orixinariamente como infraestrutura comunitaria vencellada á hixiene doméstica e ao uso da auga, mantendo na actualidade un uso residual sen funcionalidade activa. Trátase dun inmobile de planta rectangular e reducidas dimensións, construído en cachotaría de pedra, con cuberta a dúas augas resolta en lousa de pizarra e limas en tella. A entrada á edificación realizábase mediante pequena fiestra rectangular e porta de acceso lateral, resolta cunha sinxela carpintaría de madeira. O inmobile atópase nunha contorna rural de gran valor ambiental e etnolóxico, en cruce de camiños e preto de terreos agrícolas; asociado á organización rural da Mariña Lucense.

**DESCRIPCIÓN**

Edificación de planta rectangular en cachotaría de pedra, cuberta a dúas augas en lousa, conta con limas en tella. Presenta volume compacto e acceso sinxelo.

**EDIFICACIÓN**

A parcela sitúase en terreo agropecuario de topografía lixeira, con vexetación espontánea e lindes difusos. O inmobile intégrase nunha paisaxe aberta, cunha forte relación co rego e cos terreos de cultivo circundantes.

**PARCELA**

Localízase na Mariña Oriental, na unidade de paisaxe Costa de Rinlo, ámbito de gran valor ambiental. O entorno caracterízase pola proximidade á franxa costeira, alternancia de prados e cultivos e rede de camiños tradicionais.

**ENTORNO**

Posúe valor histórico e etnolóxico como testemuño das prácticas comunitarias de lavado e aproveitamento da auga. Constitúe un elemento identitario do territorio rural de Ribadeo, representativo da súa arquitectura popular.

**VALORES**


**DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN**


ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023

Escala: 1:2.000

Escala: 1:5.000

IMAXES



**CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL**

**DATOS IDENTIFICATIVOS**

CLASIFICACIÓN **BEN CATALOGADO**

CATEGORÍA **MONUMENTO**

PLANEAMIENTO **PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

FICHA

ETNOLÓXICO **FONTES**  
TIPO **SUBTIPO**

ELEMENTO **FONTE**

NIVEL DE PROTECCIÓN **ESTRUTURAL**

GRADO DE CONSERVACIÓN **ACEPTABLE**

**USOS ORIXINAIS**

GLOBAL **DOTACIONAL**

DETALLADO **SERVIZOS PÚBLICOS**

**ACTUACIÓNS**

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación é posible só a nivel puntual ou parcial, Reconstrución de forma excepcional.

**AUTORIZABLES**

Recoméndase pór en valor a cantería orixinal, a inscrición histórica e a funcionalidade hidráulica. Son adecuadas actuacións de mantemento, conservación, restauración e consolidación, propias do seu nivel de protección.

**POSTA EN VALOR**
**01\_027**  
CÓDIGO INVENTARIO

**FONTE DE DON JESÚS RODRÍGUEZ MURIAS**  
DENOMINACIÓN

**LOCALIZACIÓN**

PROVINCIA **LUGO**

COMARCA COSTEIRA **MARIÑA LUCENSE**

CONCELLO **RIBADEO**

SECTOR COSTEIRO **MARIÑA ORIENTAL**

UNIDADE DE PAISAXE **COSTA DE RINLO**

PARROQUIA **RINLO (SAN PEDRO)**

NÚCLEO / LUGAR **CAMPO DO CRISTO, O**

REFERENCIA CATASTRAL **27051 A03600002**

ZONA **SERVIDUME**

COORDENADAS **X: 653466,40 Y: 4824435,68**  
U.T.M. Huso 29N ETRS89

**INVENTARIO**

Construción de carácter comunal, concibida orixinariamente como infraestrutura de abastecemento de auga para consumo humano. Executada en fábrica de cantería de pedra granítica labrada, presenta depósito de acumulación soterrado e fronte visible configurado mediante paramento pétreo con oco de saída da auga. A composición arquitectónica é sinxela e simétrica, cun corpo prismático exento, parcialmente enterrado, adaptado á topografía. A súa cronoloxía sitúase a comezos do século XX, vinculada á iniciativa particular de Don Jesús Rodríguez Murias, segundo inscrición conservada. O estado de conservación é aceptable, con estabilidade estrutural, observándose patoloxías leves como erosión superficial da pedra, colonización biolóxica puntual e desgaste nos elementos de evacuación da auga.

**DESCRIPCIÓN**

Elemento exento de pequena entidade, parcialmente soterrado e planta rectangular. Pertence ao grupo de fontes de mina o manancial. Destaca o frontis coa inscrición.

**EDIFICACIÓN**


Predio de configuración irregular, integrada en espazo aberto de uso dotacional público. Sen peches definidos, relación directa co contorno inmediato. A fonte sitúase illada, con vinculación funcional directa ao espazo libre.

**PARCELA**

Entorno rural periurbano de baixa densidade edificatoria, con ausencia de elementos deturpadores relevantes. Arquitectura tradicional dispersa. Paisaxe aberta, presenza de arborado e valores ambientais consolidados.

**ENTORNO**

O ben posúe valor histórico e social como infraestrutura tradicional de abastecemento de auga e como testemuño da iniciativa filantrópica local.


**VALORES**

**DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN**

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023


Escala: 1:2.000

Escala: 1:5.000

IMAXES



DON JESUS RODRIGUEZ MURIAS  
EN BENEFICIO DE SU PAIS NATAL  
RINLO AÑO 1917

**CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL**

**DATOS IDENTIFICATIVOS**

CLASIFICACIÓN	BEN CATALOGADO
CATEGORÍA	MONUMENTO
PLANEAMIENTO	PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
FICHA	09_15
ETNOLÓXICO TIPO	LAVADOIROS SUBTIPO
ELEMENTO	LAVADOIRO
NIVEL DE PROTECCIÓN	AMBIENTAL
GRADO DE CONSERVACIÓN	ACEPTABLE
USOS ORIXINAIS	DOTACIONAL
DETALLADO	SERVIZOS PÚBLICOS

**ACTUACIÓNS**

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación, Ampliación.

**AUTORIZABLES**

Cómpre salientar a súa tipoloxía, as pías tradicionais e a relación co espazo público. Son adecuadas actuacións de mantemento, conservación e restauración, así como melloras funcionais compatibles co seu nivel de protección.

**POSTA EN VALOR**
**LOCALIZACIÓN**

PROVINCIA	LUGO
COMARCA COSTEIRA	MARIÑA LUCENSE
CONCELLO	RIBADEO
SECTOR COSTEIRO	MARIÑA ORIENTAL
UNIDADE DE PAISAXE	COSTA DE RINLO
PARROQUIA	RINLO (SAN PEDRO)
NÚCLEO / LUGAR	CAMPO DO CRISTO, O
REFERENCIA CATASTRAL	27051 A03600002
ZONA	DOMINIO PÚBLICO MARITIMO TERRESTRE
COORDENADAS	X: 653484,00 Y: 4824453,00 U.T.M. Huso 29N ETRS89

**INVENTARIO**

Lavadoiro público, concibido orixinarimente como equipamento comunitario destinado ao lavado manual da roupa e á xestión colectiva da auga. A edificación configúrase como volume exento e pechado, de planta rectangular, con muros enfoscados con morteiro e pintados. Cuberta a dúas augas en lousa con remate no cumio en tella curva. No seu interior dispónse una gran pía rectangular, feita en pedra e coroada por un perímetro de laxes inclinadas e ben pulidas. Conta cun chanzo perimetral para axeonllarse cando se lava. Unha canle conduce a auga á pía. Presenta estado de conservación aceptable, con humidades por capilaridade, desgaste superficial dos revestimentos, colonización biolóxica puntual e alteracións menores na cuberta.

**DESCRIPCIÓN**

Volume exento de pequena escala, planta rectangular e proporcións alongadas. Fachadas enfoscadas e pintadas. Cuberta a dúas augas en lousa con remate no cumio en tella. Pía interior de pedra como elemento singular.

**EDIFICACIÓN**

Finca de configuración irregular, integrada en espazo aberto de uso dotacional público. Sen peches definidos, relación directa co contorno inmediato. O lavadoiro implántase illado e adaptado á topografía.

**PARCELA**

Entorno rural periurbano de baixa densidade edificatoria, con ausencia de elementos deturpadores relevantes. Arquitectura tradicional dispersa. Paisaxe aberta, presenza de arborado e valores ambientais consolidados.

**ENTORNO**


Destaca polo seu valor social e etnolóxico como equipamento comunitario tradicional vinculado á vida cotiá rural. É un elemento identitario do lugar e un testemuño representativo das prácticas colectivas asociadas ao uso da auga.

**VALORES**
**01\_028**

CÓDIGO INVENTARIO

**LAVADOIRO**

DENOMINACIÓN



**DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN**

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023


Escala: 1:2.000

Escala: 1:5.000

IMAXES



**CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL**



**DATOS IDENTIFICATIVOS**

CLASIFICACIÓN: BEN CATALOGADO

CATEGORÍA: MONUMENTO

PLANEAMIENTO: PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

FICHA: 09\_03\_H

ETNOLÓXICO TIPO: HÓRREO SUBTIPO

ELEMENTO: HÓRREO

NIVEL DE PROTECCIÓN: ESTRUCTURAL

GRADO DE CONSERVACIÓN: ÓPTIMO

**USOS ORIXINAIS**

GLOBAL: AGROPECUARIO

DETALLADO: ALMACENAXE

**ACTUACIÓNS**

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación é posible só a nivel puntual ou parcial, Reconstrución de forma excepcional.

**AUTORIZABLES**

Deben preservarse a súa tipoloxía e os materiais orixinais. Recómendanse actuacións de mantemento e conservación, garantindo a integridade material e a correcta integración no contorno urbano.

**POSTA EN VALOR**

01\_029  
CÓDIGO INVENTARIO

HÓRREO EN FONDO DE RINLO  
DENOMINACIÓN

**LOCALIZACIÓN**

LUGO

PROVINCIA: LUGO

COMARCA COSTEIRA: MARIÑA LUCENSE

CONCELLO: RIBADEO

SECTOR COSTEIRO: MARIÑA ORIENTAL

UNIDADE DE PAISAXE: COSTA DE RINLO

PARROQUIA: RINLO (SAN PEDRO)

NÚCLEO / LUGAR: COTARELO, O

REFERENCIA CATASTRAL: 3346105PJ6234N

ZONA: SERVIDUME

COORDENADAS: X: 653141,00 Y: 4824494,00  
U.T.M. Huso 29N ETRS89

**INVENTARIO**

Hórreo tradicional destinado á almacenaxe e secado de gran. Trátase dunha estrutura elevada sobre cepas de cachotería revocada, con cámara pechada mediante táboas de madeira dispostas verticalmente. A cuberta é a catro augas con lousa e tella en limas sobre estrutura de madeira, rematada con pináculos pétreos nos vértices, conforme ás solucións tipolóxicas locais. A composición é regular e simétrica, con acceso lateral á cámara. Presenta intervencións recentes en revestimentos e carpinterías, mantendo a configuración orixinal. Cronoloxicamente adscíbese a finais do século XIX ou comezos do XX. O estado de conservación é óptimo, sen patoloxías estruturais visibles e cun mantemento adecuado dos elementos construtivos.

**DESCRIPCIÓN**

Volume prismático elevado sobre dous cepas de cachotería revocada e pintada, con cámara de madeira. Estrutura mixta. Cuberta a catro augas con lousa, tella en limas e pináculos. Estado xeral óptimo.

**EDIFICACIÓN**

Urbana de pequena dimensión e xeometría irregular. Uso residencial con espazo exterior acondicionado. Delimitación mediante muros revocados e peches metálicos. Relación directa coa edificación principal e acceso dende vía pública.

**PARCELA**

Entorno urbano consolidado, con edificacións residenciais entre medianeiras. Accesibilidade directa por viario pavimentado. Presenza de elementos contemporáneos. Integración correcta no tecido urbano de Rinlo.

**ENTORNO**


Exemplo representativo de hórreo tradicional. Posúe valor etnolóxico e tipolóxico, destacando pola conservación e integración no tecido urbano, contribuíndo á identidade cultural local.

**VALORES**



**DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN**


ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 Escala: 1:2.000



Escala: 1:5.000

IMAXES

**CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL**



**DATOS IDENTIFICATIVOS**

CLASIFICACIÓN	BEN CATALOGADO
CATEGORÍA	MONUMENTO
PLANEAMIENTO	PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
FICHA	09_05
ARQUITECTÓNICO TIPO	CIVIL SUBTIPO
ELEMENTO	PORTO
NIVEL DE PROTECCIÓN	AMBIENTAL
GRADO DE CONSERVACIÓN	ACEPTABLE
USOS ORIXINAIS	DOTACIONAL
GLOBAL	DOTACIONAL MÚLTIPLE
DETALLADO	

**ACTUACIÓNS**

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación, Ampliación

**AUTORIZABLES**

Cómpre salientar as fábricas pétreas, o deseño adaptado á morfoloxía rochosa e o valor etnolóxico do conxunto.

**POSTA EN VALOR**

**01\_030**  
CÓDIGO INVENTARIO

**PORTO DE RINLO**  
DENOMINACIÓN

**LOCALIZACIÓN**

LUGO
PROVINCIA
MARIÑA LUCENSE
COMARCA COSTEIRA
RIBADEO
CONCELLO
MARIÑA ORIENTAL
SECTOR COSTEIRO
COSTA DE RINLO
UNIDADE DE PAISAXE
A DEVESA (SANTALLA)
PARROQUIA
COTARELO, O
NÚCLEO / LUGAR
27051P00109100
REFERENCIA CATASTRAL
DOMINIO PÚBLICO MARITIMO TERRESTRE
ZONA
X: 653083,00 Y: 4824560,00
COORDENADAS U.T.M. Huso 29N ETRS89

**INVENTARIO**

Sólida construción de pedra destinada a actividades postuarias, pesca e transporte. Consiste nunha cimentación, localizando baixo o mar un firme sobre o propio chan rochoso, a base de amontoar pedras que remata nunha soleira horizontal cunha altura que vai en función das mareas, érguese un parapeito de pedra con función protectora. Conta cunha simple rampla para facilitar o atraque das embarcacións. Outra rampla dá acceso ao peirao, xa que a estrada se atopa a un nivel superior á soleira do porto. Esta conta con peitoril de cachotería como elemento de protección. Atópase no Cantal, na que se accede desde Rinlo por medio dunha ponte, dado que se atopa ao outro lado do "Rego de Xulián".

**DESCRIPCIÓN**

Volumetría horizontal, de planta irregular adaptada á costa. Estrutura maciza de pedra e formigón.

**EDIFICACIÓN**

Predio irregular situada sobre o cantil costeiro. Relación directa co núcleo histórico de Rinlo. Delimitación natural por rocha litoral e acceso rodado e peonil mediante rampla superior.


**PARCELA**

Entorno urbano mariñeiro tradicional de escala reducida e alta integración paisaxística. Conxunto coherente e representativo do tecido litoral. Escasa presenza de elementos deturpadores.

**ENTORNO**

Ben representativo da enxeñaría portuaria tradicional galega, asociado á identidade mariñeira local. Valor histórico, etnográfico e paisaxístico pola súa adaptación ao medio e pola continuidade do uso vinculado á pesca artesanal.

**VALORES**




**DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN**

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023


Escala: 1:2.000

Escala: 1:5.000

IMAXES



**CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL**



**DATOS IDENTIFICATIVOS**

CLASIFICACIÓN	BEN CATALOGADO
CATEGORÍA	MONUMENTO
PLANEAMIENTO	PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
FICHA	09_10
ARQUITECTÓNICO TIPO	CIVIL SUBTIPO
ELEMENTO	CASA
NIVEL DE PROTECCIÓN	AMBIENTAL
GRADO DE CONSERVACIÓN	ACEPTABLE
USOS ORIXINAIS	RESIDENCIAL
GLOBAL	RESIDENCIAL COLECTIVA
DETALLADO	

**ACTUACIÓNS**

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación, Ampliación.

**AUTORIZABLES**

Cómpre salientar a conservación volumétrica, a harmonía da fachada, os materiais tradicionais e a súa inserción no conxunto histórico. O valor ambiental radica na súa contribución á unidade paisaxística.

**POSTA EN VALOR**

01\_031  
CÓDIGO INVENTARIO

**LOCALIZACIÓN**

PROVINCIA	LUGO
COMARCA COSTEIRA	MARIÑA LUCENSE
CONCELLO	RIBADEO
SECTOR COSTEIRO	MARIÑA ORIENTAL
UNIDADE DE PAISAXE	COSTA DE RINLO
PARROQUIA	RINLO (SAN PEDRO)
NÚCLEO / LUGAR	CANTAL, O
REFERENCIA CATASTRAL	3246403PJ6234N
ZONA	SERVIDUME
COORDENADAS	X: 653115,78 Y: 4824449,87 U.T.M. Huso 29N ETRS89

**INVENTARIO**

Conxunto de tres vivendas tradicionais entre medianeiras, de tipoloxía rectangular, situadas na Rúa Nova de Rinlo. Corresponde a un grupo de inmobles de dúas plantas máis baixo cuberta, con muros de cachotaría revestidos, cornixas pétreas e carpintarías de madeira. As cubertas, a dúas augas, resolven con tella de lousa, mantendo a imaxe tradicional da Mariña Lucense. Os ocos son rectangulares e verticalizados, con solucións de balcóns de ferro e xanelas de proporción estilizada, que achegan ritmo á fachada. Algúns elementos foron substituídos por carpintarías metálicas, sen alterar substancialmente a lectura volumétrica. O conxunto intégrase no tecido urbano histórico de Rinlo, fronte á chamada "Casa de Don Inocencio", consolidando a imaxe tradicional e a continuidade da fronte edificada.

**DESCRIPCIÓN**

Vivendas de dúas plantas máis baixo cuberta, con tipoloxía tradicional de medianeira. Fachadas enfoscadas, carpintarías de madeira, balcóns con ferro e cuberta a dúas augas en lousa, conformando unha imaxe harmónica.

**EDIFICACIÓN**

Parcela urbana consolidada, de fronte lineal continua, con aproveitamento completo da súa superficie e sen espazos libres. A edificación ocupa o volume principal, integrándose coa aliñación histórica da rúa.

**PARCELA**


O conxunto insírese no tecido histórico mariñeiro de Rinlo, caracterizado por rúas estreitas, edificacións tradicionais e continuidade formal. A súa posición fronte á Casa de Don Inocencio reforza o valor patrimonial.

**ENTORNO**

Destaca pola súa representatividade tipolóxica, pola integración no tecido histórico e pola autenticidade dos materiais tradicionais. Constitúe un exemplo significativo da vivenda mariñeira da Mariña Lucense.

**VALORES**

CONXUNTO DE VIVENDAS NA RÚA NOVA  
DENOMINACIÓN




**DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN**

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023


Escala: 1:2.000

Escala: 1:5.000

IMAXES



**CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL**



**DATOS IDENTIFICATIVOS**

CLASIFICACIÓN	BEN CATALOGADO
CATEGORÍA	CONXUNTO HISTÓRICO
PLANEAMIENTO	PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
FICHA	09_16
ARQUITECTÓNICO TIPO	CIVIL SUBTIPO
ELEMENTO	OTROS
NIVEL DE PROTECCIÓN	AMBIENTAL
GRADO DE CONSERVACIÓN	ACEPTABLE
USOS ORIXINAIS	RESIDENCIAL
DETALLADO	RESIDENCIAL COLECTIVA

**ACTUACIÓNS**

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación, Ampliación.

**AUTORIZABLES**

Debe poñerse en valor a arquitectura mariñeira, o trazado urbano histórico, a integración coa paisaxe costeira e a memoria viva das prácticas pesqueiras, consolidando o núcleo como patrimonio ambiental e cultural.

**POSTA EN VALOR**

**01\_032**  
CÓDIGO INVENTARIO

**NÚCLEO DE RINLO**  
DENOMINACIÓN

**LOCALIZACIÓN**

PROVINCIA	LUGO
COMARCA COSTEIRA	MARIÑA LUCENSE
CONCELLO	RIBADEO
SECTOR COSTEIRO	MARIÑA ORIENTAL
UNIDADE DE PAISAXE	COSTA DE RINLO
PARROQUIA	RINLO (SAN PEDRO)
NÚCLEO / LUGAR	RINLO
REFERENCIA CATASTRAL	27051A03709100
ZONA	SERVIDUME
COORDENADAS	X: 653094,00 Y: 4824412,00 U.T.M. Huso 29N ETRS89

**INVENTARIO**

Conxunto urbano de orixe mariñeira, asentado directamente sobre a costa, cunha estrutura morfolóxica compacta e unha trama variada adaptada ao relevo litoral. As edificacións, na súa maioría de dúas alturas, presentan muros de cachofaría ou mampostería, xeralmente revocados e pintados con cromatismos vivos, que acentúan a identidade do lugar. Destaca o uso da lousa nas cubertas, resoltas a dúas ou catro augas, así como as carpinterías tradicionais de madeira. Conserva un alto valor ambiental e patrimonial, mantendo a memoria da arquitectura popular ligada ás actividades tradicionais, exemplo representativo da paisaxe cultural da Mariña lucense. A singularidade vén dada pola integración entre patrimonio edificado, espazo público e medio natural, xerando unha unidade formal de gran interese.

**DESCRIPCIÓN**

Edificacións tradicionais mariñeiras de dúas plantas, con muros de mampostería revocada e pintada, carpinterías de madeira e cubertas de lousa a dúas ou catro augas, tipoloxía vernácula coherente co seu uso residencial.

**EDIFICACIÓN**

Parcelario compacto, de carácter orgánico e irregular, adaptado á topografía costeira, cunha configuración de rúas estreitas e empinadas que articulan pequenas prazas e adarves, xerando unha continuidade espacial ligada ao mar.


**PARCELA**

Entorno costeiro de forte valor paisaxístico, marcado polos cantís e a proximidade inmediata ao mar, cunha relación histórica coa pesca e o marisqueo, configurando un núcleo vivo e singular na Mariña Oriental.

**ENTORNO**


O valor reside na autenticidade da arquitectura mariñeira, na unidade cromática e volumétrica, na integración coa paisaxe litoral e no testemuño cultural dunha comunidade vencellada á economía do mar e ás súas tradicións.

**VALORES**




**DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN**

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 Escala: 1:2.000



Escala: 1:5.000

IMAXES

**CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL**

**DATOS IDENTIFICATIVOS**

CLASIFICACIÓN **BEN CATALOGADO**

CATEGORÍA **MONUMENTO**

PLANEAMIENTO **PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

FICHA **09\_06**

ARQUITECTÓNICO **CIVIL**  
TIPO **SUBTIPO**

ELEMENTO **PEIRAO**

NIVEL DE PROTECCIÓN **AMBIENTAL**

GRADO DE CONSERVACIÓN **DEFICIENTE**

**USOS ORIXINAIS**

GLOBAL **DOTACIONAL**

DETALLADO **DOTACIONAL MÚLTIPLE**

**ACTUACIÓN**

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación, Ampliación.

**AUTORIZABLES**

Cómpre salientar a fábrica pétreo orixinal, o deseño adaptado á morfloxía rochosa e o valor etnolóxico do conxunto.

**POSTA EN VALOR**
**01\_033**  
CÓDIGO INVENTARIO

**PEIRAO DA ENSEADA DE AREOSA**  
DENOMINACIÓN

**LOCALIZACIÓN**

PROVINCIA **LUGO**

COMARCA COSTEIRA **MARIÑA LUCENSE**

CONCELLO **RIBADEO**

SECTOR COSTEIRO **MARIÑA ORIENTAL**

UNIDADE DE PAISAXE **COSTA DE RINLO**

PARROQUIA **RINLO (SAN PEDRO)**

NÚCLEO / LUGAR **CANTAL, O**

REFERENCIA CATASTRAL **27051 A03709100**

ZONA **DOMINIO PÚBLICO MARITIMO TERRESTRE**

COORDENADAS **X: 653080,00 Y: 4824440,00**  
U.T.M. Huso 29N ETRS89

**INVENTARIO**

Construción de pedra composta por rampla, o peirao e o viario de acceso. Estes consisten nunha cimentación, sobre o propio chan rochoso e situando baixo o mar un firme apropiado, a base de amontoar pedras que rematan nunha soleira, cunha altura que vai en función das mareas para conseguir protexerse delas. Enriba dela, xorde o peirao, que se prolonga polo viario de acceso a este. A rampla conta con amarres para as embarcacións e varanda metálica como elemento de protección. O muro de contención ten función protectora tanto en relación aos golpes dos ventos como ás ondas das mareas. O viario conta con peitoril de cachotería. Para o acceso á zona rochosa da enseada, execútanse escaleiras de pedra, destinadas ao acceso peonil. Estas contan con varandas metálicas como elemento de protección.

**DESCRIPCIÓN**

Volumetría horizontal, de planta irregular adaptada á costa. Estrutura maciza de pedra e formigón.

**EDIFICACIÓN**


Predio irregular e alongado, apoiado directamente sobre a costa rochosa. Relación funcional coa vila mariñeira de Rinlo. Delimitación natural polo cantil e acceso rodado mediante rampla pavimentada en pedra e formigón.

**PARCELA**

Entorno urbano-costeiro de carácter tradicional, ben integrado na paisaxe marítima. Valor arquitectónico e ambiental do conxunto edificado. Integración visual alta e mínima presenza de elementos discordantes.

**ENTORNO**

Representa un exemplo significativo de arquitectura portuaria tradicional, vinculada á pesca artesanal e á economía local. Destaca o seu valor etnolóxico, histórico e paisaxístico como parte da identidade mariñeira local.


**VALORES**

**DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN**

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023


Escala: 1:2.000

Escala: 1:5.000

IMAXES



**CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL**



**DATOS IDENTIFICATIVOS**

CLASIFICACIÓN: BEN CATALOGADO

CATEGORÍA: MONUMENTO

PLANEAMIENTO: PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

FICHA: 09\_11

ARQUITECTÓNICO TIPO: CIVIL SUBTIPO

ELEMENTO: PONTE

NIVEL DE PROTECCIÓN: ESTRUCTURAL

GRADO DE CONSERVACIÓN: ACEPTABLE

**USOS ORIXINAIS**

GLOBAL: DOTACIONAL

DETALLADO: INFRAESTRUTURAS COMUNICACIÓN

**ACTUACIÓNS**

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación é posible só a nivel puntual ou parcial, Reconstrución de forma excepcional.

AUTORIZABLES:

POSTA EN VALOR:

01\_034  
CÓDIGO INVENTARIO

PONTE AO PORTO DE RINLO  
DENOMINACIÓN

**LOCALIZACIÓN**

LUGO  
PROVINCIA  
MARIÑA LUCENSE  
COMARCA COSTEIRA  
RIBADEO  
CONCELLO  
MARIÑA ORIENTAL  
SECTOR COSTEIRO  
COSTA DE RINLO  
UNIDADE DE PAISAXE  
RINLO (SAN PEDRO)  
PARROQUIA  
CANTAL, O  
NÚCLEO / LUGAR  
27051A03709100  
REFERENCIA CATASTRAL  
DOMINIO PÚBLICO MARITIMO TERRESTRE  
ZONA

X: 653058,00 Y: 4824426,00  
COORDENADAS U.T.M. Huso 29N ETRS89

**INVENTARIO**

Construción que comunica o núcleo de Rinlo co porto, salvando o canal da Enseada da Areosa. Ponte tipo "pasais" ou "pontella", con estrutura de pedra que foi reconstruída, respectando a estrutura orixinal, converténdose nun híbido. Presenta unhas dimensións aproximadas de 40 x5 metros, apoia en estribos de cachotaría reforzados con formigón e presenta dous piares centrais con tallamares de remate curvo e cornixa de coroamento. O taboleiro é de formigón armado con beirarrúas laterais e varanda metálica de protección. Mantén peitorís pétreos sobre os estribos e calzada asfaltada.

**DESCRIPCIÓN**

Estrutura lineal e horizontal, de tres tramos e dous apoios centrais. Estrutura mixta de fábrica e formigón armado. Elementos singulares: tallamares, peitorís e varandas metálicas.

**EDIFICACIÓN**

Sitúase sobre o canal da Enseada da Areosa. Uso viario e peonil, conectando o porto co núcleo histórico. Relación directa coa contorna urbana e marítima inmediata.


**PARCELA**

Entorno urbano mariñeiro consolidado, con edificacións tradicionais e novas. Accesibilidade elevada. Valor conxunto coherente co tecido portuario. Integración paisaxística alta, sen elementos discordantes significativos.

**ENTORNO**

